



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: LLA

Expte. Núm. 2024/E001/000008
2024/G003/002347

DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE PROMOCIÓN INDUSTRIAL, XESTIÓN ECONÓMICA, EMPREGO, SEGURIDADE E ATENCIÓN CIDADÁ

ANTECEDENTES DE FEITO

- 1) En data 20/08/2024 (RE núm. 3517), o Concello das Pontes recibe notificación da Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Inmigración pola que se lle concede subvención para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego, denominado “EUME IV”, encamiñado á selección de 15 alumnos/as traballadores/as así como persoal directivo, docente e de apoio, tramitado co número de expediente 15/0005/2024 e promovido polos Concello das Pontes, da Capela e das Somozas, ao abeiro do establecido na Orde do 7 de febreiro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 38, do 7 de febreiro de 2024).
- 2) O alcalde ditou a providencia de inicio do procedemento, de data 09/10/2024.
- 3) Elaborouse proposta de bases reguladoras do proceso selectivo do alumnado traballador así como do persoal directivo, docente e de apoio, asinadas ambas as dúas o día 17/10/2024.
- 4) En data 18/10/2024 a técnica de administración xeral (TAX) encargada da tramitación do procedemento emitiu un informe xurídico favorable con observacións.
- 5) Pola súa vez, a Intervención municipal evacuou o informe favorable de fiscalización núm. 461/2024, do 30 de outubro.
- 6) Mediante o Decreto núm. 1994/2024, do 31 de outubro, apróbase a convocatoria e bases da selección do alumnado traballador para o "Obradoiro dual de emprego EUME IV".
- 7) En data 31/10/2024, publícanse as bases reguladoras do procedemento selectivo no taboleiro de anuncios da oficina de emprego das Pontes de García Rodríguez, no taboleiro electrónico do Concello das Pontes e na páxina web municipal así como nos taboleiros de anuncios e páxinas web dos Concellos das Somozas e da Capela. Na mesma data, remítense á xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da provincia da Coruña.
- 8) O día 12/11/2024 recíbese no concello listado de preselección de candidatos/as remitida pola oficina de emprego das Pontes de García Rodríguez.
- 9) A través do Decreto núm. 2074/2024, do 13 de novembro, resolveuse iniciar a selección do alumnado-traballador, designáronse as persoas integrantes do órgano de selección e fixouse o lugar, día e hora de constitución do tribunal.
- 10) O tribunal, logo de celebrar sesións o 15 e o 21 de novembro, efectuou proposta de contratación a favor dos aspirantes que acadaron a maior puntuación por reunir as condicións esixidas e superar o proceso, e propuxeron a creación de lista de reserva coas dúas persoas aspirantes que tivesen superado o proceso sen obter praza.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: LLA

- 11) Unha vez elaborada a listaxe do alumnado-traballador proposto, o concello remitiuna á oficina de emprego, que verificou que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto, en data 03/12/2024.
- 12) As persoas aspirantes propostas para a contratación presentaron a documentación requirida polo que procede a súa contratación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Consonte a base núm. 5 das que rexen a convocatoria e no que aquí interesa, achegada a documentación esixida nesta base e acreditada a totalidade dos requisitos, a alcaldía ou concelleira-delegada ditará resolución de contratación dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

A Alcaldía é, en principio, o órgano competente para ditar a presente resolución en virtude da atribución conferida ao alcalde polo artigo 21.1, letras g) e h) da LRBRL. Porén, tal competencia foi atribuída á concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá mediante o Decreto núm. 2000/2024, do 4 de novembro, de delegación de competencias nos membros da Corporación Municipal (BOP núm. 213, do 08/11/2024).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

- 1) Contratar como alumnado traballador do obradoiro dual de emprego “EUME IV”, ás seguintes persoas aspirantes que acadaron maior puntuación no proceso selectivo, de conformidade coa proposta efectuada polo tribunal de selección:

Nº ORDE	DNI	APELIDOS E NOME
1	***6932**	CABANAS RAMOS MARIA REMEDIOS
2	***8772**	CHAO PRIETO YOLANDA
3	***3258**	GARCIA PEREZ JAVIER
4	***0180**	GARCIA PENA MARIA DEL MAR
5	***3982**	FACHAL PENA CATHERINE
6	***0548**	TOJEIRO CABALEIRO JESUS
7	***0842**	BARRO GARCIA CELSO
8	***1121**	CASTRO LOPEZ MARTA
9	***9520**	MOREIRAS SANCHEZ MARIA JOSE
10	***4732**	SOTO SOTO MARIA EMMA
11	***5605**	RODRIGUEZ RODRIGUEZ ALBA
12	***6622**	SANJURJO FERREIRO, MARIA JOSE
13	***4267**	LOPEZ PARDO RUBEN
14	***4127**	FERNANDEZ PAZ LORENA
15	***3890**	MOBTI EL AADDANY SARA

A contratación estará suxeita ás seguintes condicións:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: LLA

- a) O alumnado traballador será contratado por un período de 9 meses baixo a modalidade de contrato de formación en alternancia ordinario, a tempo completo (código 421), segundo o previsto no artigo 11.2 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. No contrato deberá constar a denominación do proxecto para o cal se formaliza e o número da oferta de emprego utilizada. Serán mecanizados e comunicados ao SEPE a través da aplicación Contrat@ marcando a opción específica «ET/CO/TE/FD» que figura no apartado «*Datos específicos del contrato*». Unha vez indicada esta opción, aparecerá un despregable que permitirá elixir de entre varias opcións a correspondente a «*Alumno/ Trabajador*». Por outra banda, non será necesaria cumprimentar o Anexo relativo ao acordo para a actividade formativa, nin obter a autorización de inicio deste, por estar implícita na aprobación do proxecto.
- b) A retribución bruta mensual a percibir será a correspondente ao salario mínimo interprofesional (incluída a parte proporcional das pagas extras).
- 2) Subscribir os correspondentes contratos e tramitar as preceptivas altas en nómina e na Seguridade Social.
- 3) Establecer **lista de reserva** ante a falta de persoas aspirantes que tivesen superado o proceso sen obter praza, segundo o acordado polo tribunal de selección:

Nº ORDE	DNI	APELIDOS E NOME
1	***4651**	FERNANDES FELPETO ALEJANDRA
2	***4492**	PITA PEREZ LAURA

- 4) Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>), a súa páxina web e nas webs e taboleiros dos Concellos das Somozas e da Capela.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá

Ana María Pena Purriños